

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### **VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

*RESOLUCIÓN do 2 de agosto de 2023 pola que se publica a resolución das solicitudes de subvención da Orde do 6 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a federacións deportivas de Galicia para o desenvolvemento do Plan Corresponsables a través da realización de actividades de animación sociodeportiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento DE402B).*

Antecedentes.

No *Diario Oficial de Galicia* núm. 114, do 16 de xuño de 2023, publicouse a Orde do 6 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a federacións deportivas de Galicia para o desenvolvemento do Plan Corresponsables a través da realización de actividades de animación sociodeportiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento DE402B).

Unha vez pechado o prazo de presentación de solicitudes, o órgano instructor remite á comisión encargada da súa valoración aqueles expedientes administrativos que cumpren todos os requisitos e reúnen toda a documentación necesaria. O 20 de xullo de 2023 reuniuse a Comisión de Valoración, que emite o seu informe cunha relación das solicitudes presentadas e admitidas ordenadas por orde de prelación de maior a menor puntuación en aplicación dos criterios de baremación establecidos no artigo 8 das bases reguladoras, e a proposta de concesión de conformidade co crédito asignado á convocatoria.

O 26 de xullo de 2023, ao non figuraren no procedemento outros feitos nin outras alegacións ou probas que as achegadas polos interesados, o órgano instructor formulou proposta de resolución definitiva.

A concesión destas subvencións será atendida con cargo á aplicación orzamentaria 06.02.441A.481.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, ata un importe máximo de 2.773.095 €.



**Consideracións legais e técnicas:**

Primeira. De conformidade co artigo 6 das bases reguladoras, a Subdirección Xeral de Plans e Programas, como órgano competente para a instrución do procedemento, elevou informe técnico de valoración, conforme todo o actuado, á persoa titular da Secretaría Xeral para o Deporte. A Secretaría Xeral para o Deporte elevou a proposta de resolución á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, que é o órgano competente para a resolución do procedemento.

Segunda. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) producirá os mesmos efectos que a notificación individualizada, sen prexuízo desta. Esta publicación tamén se realizará na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte <https://deporte.xunta.gal>

Terceiro. Acreditadas as actuacións levadas a cabo pola Comisión de Valoración a que se refiren os artigos 7 e 8 da Orde do 6 de xuño de 2023, e con base na proposta formulada pola Secretaría Xeral para o Deporte, do 26 de xullo de 2023, de acordo co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, e en virtude das atribucións que me foron conferidas,

**RESOLVO:**

Primeiro. Conceder as subvencións ás federacións deportivas de Galicia para o desenvolvemento do Plan Corresponsables a través da realización de actividades de animación sociodeportiva que se recollen no anexo I desta resolución, ordenadas por orde decrecente dos puntos acadados. No anexo determínanse a entidade beneficiaria, a actuación que se desenvolverá, o investimento subvencionable, a contía da axuda e a puntuación outorgada.

De conformidade co artigo 9 das bases reguladoras da convocatoria, o importe das subvencións será o resultado de asignar un importe de 1.660 €/mes por grupo de actividade, ata o máximo do importe subvencionable por entidade que, de conformidade co artigo 1.3 da convocatoria, é de 300.000 €.

Segundo. Desestimar as solicitudes de subvención por esgotamento do crédito ás entidades que se recollen no anexo II desta resolución, ordenadas pola puntuación acadada.



Terceiro. Non admitir as solicitudes de subvención que se recollen no anexo III polo motivo que alí se indica.

Cuarto. Poderase realizar o pagamento do 80 % da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo, por solicitude da entidade beneficiaria, segundo o anexo III da Orde do 6 de xuño de 2023, unha vez realizada a notificación da subvención e logo da aceptación expresa desta. A solicitude de pagamento anticipado poderá remitirse ata o 31 de outubro de 2023.

Quinto. De acordo co artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria deberá presentar ante a Secretaría Xeral para o Deporte a documentación xustificativa da subvención, prevista no artigo 6.2 da convocatoria, ata o 30 de novembro de 2023.

Sexto. As entidades beneficiarias deberán desenvolver o Plan Corresponsables para a habilitación de servizos de coidado profesional de nenas, nenos e mozas e mozos de ata 16 anos, desenvolvendo actividades de animación sociodeportiva, de acordo coas condicións de execución establecidas no artigo 10 das bases reguladoras (anexo I da Orde do 6 de xuño de 2023).

Sétimo. De conformidade co artigo 16 das bases reguladoras, as entidades que resulten beneficiarias das subvencións concedidas ao abeiro desta orde estarán obrigadas a cumprir o establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e especificamente:

a) Á aplicación pública da imaxe corporativa da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, da Secretaría Xeral para o Deporte, do Plan Corresponsables, do Ministerio de Igualdade e da Secretaría de Estado de Igualdade e contra a Violencia de Xénero.

b) A conservar, nos seguintes catro anos, os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

c) A estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.



d) A someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro das actividades subvencionadas por parte da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Consello de Contas e do Tribunal de Contas.

e) A reintegrar os fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 16 das presentes bases.

f) Á adhesión ao manifesto pola igualdade no deporte.

g) A garantir os dereitos lingüísticos de todas as persoas, empregando o galego e o castelán nas súas comunicacións.

Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela pode interpoñerse recurso postestativo de reposición ante a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, ou ben recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2023

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

#### ANEXO I

#### Subvencións concedidas

Número de expediente	Entidade solicitante	NIF	Nº grupos actividade x nº meses	Orzamento subvencionable (1660€/grupo, max 300.000 €)	Subvención proposta	Puntuación
DE402B-2023-00000015-00	Federación Galega de Balomán	G36690832	1.132	300.000,00 €	300.000,00 €	82,5
DE402B-2023-00000002-00	Federación Galega de Tenis	G15102767	1.592	300.000,00 €	300.000,00 €	82,5
DE402B-2023-00000001-00	Federación Galega de Boxeo	G15108996	152	252.320,00 €	252.320,00 €	65
DE402B-2023-00000006-00	Federación Galega de Piragüismo	G36040764	172	285.520,00 €	285.520,00 €	65
DE402B-2023-00000007-00	Federación Galega de Salvamento e Socorrismo	G27033737	696	300.000,00 €	300.000,00 €	65

CVE-DOG: vqgmpr3-7qq9-ou98-0mt5-kxwisy0adg9h9



Número de expediente	Entidade solicitante	NIF	Nº grupos actividade x nº meses	Orzamento subvencionable (1660€/grupo, max 300.000 €)	Subvención proposta	Puntuación
DE402B-2023-00000017-00	Real Federación Galega de Fútbol	G15055890	69	114.540,00 €	114.540,00 €	60
DE402B-2023-00000016-00	Federación Galega de Taekwondo	G15237233	246	300.000,00 €	300.000,00 €	60
DE402B-2023-00000021-00	Federación Galega de Montañismo	G36630259	131	217.460,00 €	217.460,00 €	57,5
DE402B-2023-00000013-00	Federación Galega de Surf	G15565484	24	39.840,00 €	39.840,00 €	55
DE402B-2023-00000014-00	Federación Galega de Loita	G36651081	114	189.240,00 €	189.240,00 €	55
DE402B-2023-00000023-00	Federación Galega de Hóckey	G32172058	18	29.880,00 €	29.880,00 €	45
DE402B-2023-00000011-00	Federación Galega de Péntatlon Moderno Tríatlon	V36703932	45	74.700,00 €	74.700,00 €	45
DE402B-2023-00000012-00	Federación Galega de Vela	G36644862	125	207.500,00 €	207.500,00 €	45
DE402B-2023-00000010-00	Federación Galega de Esgrima	G15109077	199	300.000,00 €	162.095,00 €	45
Total					2.773.095,00	

## ANEXO II

**Solicitudes desestimadas por esgotamento do crédito asignado á convocatoria.**

Número de expediente	Entidade solicitante	NIF	Puntuación
DE402B-2023-00000008-00	Federación Galega de Squash	G36644680	40
DE402B-2023-00000009-00	Federación Galega de Bolos	V36650133	37,5
DE402B-2023-00000020-00	Federación Galega de Atletismo	G15103500	37,5
DE402B-2023-00000004-00	Federación Galega de Kickboxing	G27464221	32,5
DE402B-2023-00000024-00	Federación Galega de Bádminton	G36645133	32,5
DE402B-2023-00000019-00	Federación Galega de Baile Deportivo	G10883999	25
DE402B-2023-00000022-00	Federación Galega de Ciclismo	G36644870	22,5
DE402B-2023-00000018-00	Federación Galega de Tenis de Mesa	V15149453	22,5
DE402B-2023-00000005-00	Federación Galega de Espeleoloxía	G15062193	7,5



**ANEXO III**  
**Solicitudes non admitidas**

Número de expediente	Entidade solicitante	NIF	Puntuación
DE402B-2023-00000003-00	Federación Galega de Orientación	G70381603	A actividade proposta non cumpre os requisitos de idade dos participantes previstos no artigo 3.1 (ata os 16 anos) das bases reguladoras

CVE-DOG: vqgmpr3-7qq9-ou98-0mt5-kxwsy0adg9h9

